

# **Conservatorio Profesional de Música de A Estrada**

## **Departamento de Vento-Metal**

# **TROMBÓN**

**PROGRAMACIÓN OFICIAL LOE**  
(segundo Decreto 203/2007)

**G. Elemental e G. Profesional**

Prof. Nicolás Leiro Álvarez

---

# Índice

---

<b>1. Introducción.....</b>	<b>6</b>
1.1 Marco legal.....	6
1.2 Características do centro e do alumnado.....	8
<b>2. Obxectivos das ensinanzas.....</b>	<b>9</b>
2.1 Obxectivos xerais do grao elemental.....	9
2.2 Obxectivos xerais do grao profesional.....	9
<b>3. Obxectivos específicos.....</b>	<b>10</b>
3.1 Grao elemental.....	10
3.2 Grao profesional.....	10
<b>4. Metodoloxía.....</b>	<b>11</b>
<b>5. Atención á diversidade.....</b>	<b>12</b>
<b>6. Temas transversais.....</b>	<b>13</b>
6.1 Educación en valores.....	13
6.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	13
<b>7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....</b>	<b>14</b>
<b>8. Secuenciación do curso.....</b>	<b>14</b>
Curso: Primeiro de Grao Elemental.....	14
8.1 Obxectivos.....	14
8.2 Contidos.....	15
8.3 Avaliación.....	15
8.3.1 Criterios de avaliación.....	15
8.3.2 Mínimos esixibles.....	15
8.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación.....	15
8.3.4 Criterios de cualificación.....	16
8.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	16
8.4 Medidas de recuperación.....	16
8.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios.....	17
8.4.2 Probas extraordinarias de xuño.....	17
8.5 Recursos didácticos.....	17
Curso: Segundo de Grao Elemental.....	17
8.6 Obxectivos.....	17
8.7 Contidos.....	18

8.8 Avaliación.....	18
8.8.1 Criterios de avaliación.....	18
8.8.2 Mínimos esixibles.....	19
8.8.3 Procedementos e ferramentas de avaliación.....	19
8.8.4 Criterios de cualificación.....	19
8.8.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	20
8.9 Medidas de recuperación.....	20
8.9.1 Procedementos de recuperación ordinarios.....	20
8.9.2 Probas extraordinarias de xuño.....	20
8.10 Recursos didácticos.....	20
Curso: Terceiro de Grao Elemental.....	20
8.11 Obxectivos.....	20
8.12 Contidos.....	21
8.13 Avaliación.....	21
8.13.1 Criterios de avaliación.....	21
8.13.2 Mínimos esixibles.....	22
8.13.3 Procedementos e ferramentas de avaliación.....	22
8.13.4 Criterios de cualificación.....	22
8.13.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	23
8.14 Medidas de recuperación.....	23
8.14.1 Procedementos de recuperación ordinarios.....	23
8.14.2 Probas extraordinarias de xuño.....	23
8.15 Recursos didácticos.....	23
Curso: Cuarto de Grao Elemental.....	24
8.16 Obxectivos.....	24
8.17 Contidos.....	24
8.18 Avaliación.....	25
8.18.1 Criterios de avaliación.....	25
8.18.2 Mínimos esixibles.....	26
8.18.3 Procedementos e ferramentas de avaliación.....	26
8.18.4 Criterios de cualificación.....	26
8.18.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	27
8.19 Medidas de recuperación.....	27
8.19.1 Procedementos de recuperación ordinarios.....	27
8.19.2 Probas extraordinarias de xuño.....	27
8.20 Recursos didácticos.....	27
Curso: Primeiro de Grao Profesional.....	27
8.21 Obxectivos.....	27

8.22	Contidos.....	28
8.23	Avaliación.....	28
8.23.1	Criterios de avaliación.....	28
8.23.2	Mínimos esixibles.....	29
8.23.3	Procedementos e ferramentas de avaliación.....	29
8.23.4	Criterios de cualificación.....	29
8.23.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	30
8.24	Medidas de recuperación.....	30
8.24.1	Procedementos de recuperación ordinarios.....	30
8.24.2	Probas extraordinarias de xuño.....	30
8.25	Recursos didácticos.....	30
Curso: Segundo de Grao Profesional.....		31
8.26	Obxectivos.....	31
8.27	Contidos.....	31
8.28	Avaliación.....	31
8.28.1	Criterios de avaliación.....	31
8.28.2	Mínimos esixibles.....	32
8.28.3	Procedementos e ferramentas de avaliación.....	32
8.28.4	Criterios de cualificación.....	33
8.28.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	33
8.29	Medidas de recuperación.....	33
8.29.1	Procedementos de recuperación ordinarios.....	33
8.29.2	Probas extraordinarias de xuño.....	33
8.30	Recursos didácticos.....	34
Curso: Terceiro de Grao Profesional.....		34
8.31	Obxectivos.....	34
8.32	Contidos.....	34
8.33	Avaliación.....	35
8.33.1	Criterios de avaliación.....	35
8.33.2	Mínimos esixibles.....	36
8.33.3	Procedementos e ferramentas de avaliación.....	36
8.33.4	Criterios de cualificación.....	36
8.33.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	36
8.34	Medidas de recuperación.....	37
8.34.1	Procedementos de recuperación ordinarios.....	37
8.34.2	Probas extraordinarias de xuño.....	37
8.35	Recursos didácticos.....	37
Curso: Quinto de Grao Profesional.....		38
8.36	Obxectivos.....	38

8.37	Contidos.....	38
8.38	Avaliación.....	39
8.38.1	Criterios de avaliación.....	39
8.38.2	Mínimos esixibles.....	40
8.38.3	Procedementos e ferramentas de avaliación.....	40
8.38.4	Criterios de cualificación.....	40
8.38.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	41
8.39	Medidas de recuperación.....	41
8.39.1	Procedementos de recuperación ordinarios.....	41
8.39.2	Probas extraordinarias de xuño.....	41
8.40	Recursos didácticos.....	41
Curso: Sexto de Grao Profesional.....		42
8.41	Obxectivos.....	42
8.42	Contidos.....	42
8.43	Avaliación.....	43
8.43.1	Criterios de avaliación.....	43
8.43.2	Mínimos esixibles.....	44
8.43.3	Procedementos e ferramentas de avaliación.....	44
8.43.4	Criterios de cualificación.....	44
8.43.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	45
8.44	Medidas de recuperación.....	45
8.44.1	Procedementos de recuperación ordinarios.....	45
8.44.2	Probas extraordinarias de xuño.....	45
8.45	Recursos didácticos.....	45
<b>9.</b>	<b>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....</b>	<b>46</b>
<b>10.</b>	<b>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....</b>	<b>47</b>
ANEXOS.....		47
<b>11.</b>	<b>Adaptación extraordinaria da programación á nova situación por COVID19.....</b>	<b>48</b>
<b>Avaliación inicial.....</b>		<b>49</b>
<b>Aprendizaxes non adquiridas durante o pasado curso.....</b>		<b>50</b>
	Avaliación en caso de non presencialidade.....	51
	Criteiros de avaliación.....	51
	Mínimos Esixibles.....	52
	Procedementos e ferramentas de avaliación.....	52

# 1. Introducción

---

*Este curso, (esperemos que de maneira excepcional), establécese unha adaptación extraordinaria da presente programación didáctica á nova situación de pandemia provocada pola covid-19. Esta adaptación é para o procedemento de recuperación de contidos do pasado curso e para o dun posible novo confinamento. Todo estará especificado no anexo do mesmo nome, co título en bermello ó final desta programación xeral da especialidade.*

A presente programación didáctica foi realizada a partir do currículo oficial vixente e pretende establecer unha proposta de desenvolvemento curricular para a materia de TROMBÓN durante os catro cursos do Grao Elemental e os seis do Grao Profesional dos ensinos de réxime especial de Música.

Para a elaboración desta programación, tívose en conta, en primeiro lugar, o Currículo Base, orientador e prescriptivo, do cal se tomaron os obxectivos xerais para concretalos nuns obxectivos didácticos específicos. Así mesmo, esta programación foi realizada en coherencia co Proxecto Educativo de Centro (PEC), de tal maneira que no seu deseño valoráronse coidadosamente as características e necesidades da comunidade á que vai dirixida.

## 1.1 Marco legal

---

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- **ORDE do 29 de setembro de 2015** pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.

- **DECRETO 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **CIRCULAR 15/2011** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- **ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- **DECRETO 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- **CIRCULAR 21/2008** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.

- **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- **DECRETO 198/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.
- **DECRETO 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- **CIRCULAR 9/2007** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

## 1.2 Características do centro e do alumnado

O conservatorio está situado no concello da Estrada a 25 km de Santiago de Compostela. A Estrada é un concello de preto de 22.000 habitantes, divididos en 51 parroquias que, exceptuando a parroquia da Estrada, son de ámbito rural. Desenvolve a súa actividade económica no sector servizos e sobre todo nas explotacións agrícolas e gandeiras.

Por outra banda, a área de influencia do centro esténdese a un conxunto de comarcas lindantes e núcleos nas aforas, algúns deles pequenos, dispersos e de poboación máis reducida, dos que proceden unha parte dos alumnos. A Comarca de Tabeirós-Terra de Montes en xeral e A Estrada en particular, goza dunha gran tradición cultural e musical. A Banda Municipal da Estrada conta con máis de 140 anos de historia nutréndose hoxe en día con practicamente a totalidade dos seus músicos formados ou formándose no noso conservatorio.



Ademais outras agrupacións de distintas tradicións, grupos de música moderna, agrupacións de música tradicional, orquestras, charangas, bandas de música de concellos limítrofes, etc. nótrense, tamén, de músicos formados no Conservatorio da Estrada. A proximidade a Santiago de Compostela e que esta sexa unha cidade de enorme tradición universitaria tamén condiciona que moitos alumnos poidan cursar ao mesmo tempo unha carreira universitaria e os estudos de música.

## **2. Obxectivos das ensinanzas**

---

### **2.1 Obxectivos xerais do grao elemental**

a) Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.

b) Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.

c) Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.

d) Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.

e) Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.

f) Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmónicamente ao conxunto.

g) Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.

h) Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.

i) Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

j) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

### **2.2 Obxectivos xerais do grao profesional**

- a) Habituar a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable o enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

### **3. Obxectivos específicos**

---

#### **3.1 Grao elemental**

-Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas as mans.

-Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.

-Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para corrixir automaticamente a afinación das notas e a calidade do son.

-Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas utilizar, dentro das exixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.

-Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.

-Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

#### **3.2 Grao profesional**

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exixencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, aprofundando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

## 4. Metodoloxía

---

Principio de actividade, básico na ensinanza instrumental, cunha aprendizaxe significativa constructivista onde priman os contidos procedimentais. Hai que dicir que, esta actividade física que require a especialidade, debe estar sempre supeditada a la actividade mental, sen centrarnos unicamente no dominio das destrezas técnicas, que son indispensables, pero que só son o punto de partida para a interpretación xa sexa improvisada, a vista o de memoria da música que se realice.

Unidade teórico práctica, sendo inseparables o coñecemento e a realización, comprensión e expresión, convertíndose así nunha verdadeira ensinanza aprendizaxe.

A creatividade, introducíndose na arte compositiva mediante la improvisación. É importante tamén neste sentido o desenrolo da espontaneidade

musical, que se estimula ademáis mediante a lectura a vista e o continuo desenrolo da memoria.

Por suposto, a atención personalizada, ineludible na aula de trombón.

Interdisciplinabilidade, sobre todo na relación coa pianista acompañante de trombón, cun contacto periódico e a coordinación necesaria na preparación das audicións, consensuando criterios e diversificando puntos de vista para o maior progreso se cabe do alumnado. Pero ademáis, téñense en conta e desenrólanse todos os contidos posibles das aulas de linguaxe, piano complementario ou armonía, así como as da ensinanza xeral en relación, sobre todo coa música e la historia ou, se axuda no posible, a complementar o traballo das aulas de orquestra, conxunto ou cámara.

Educación en valores, fomentando unha naturalidade no comportamento protocolario das actuacións en público, destacando os aspectos de tolerancia e respecto. Importancia da mentalidade positiva para a superación persoal diaria, ou o recurso da respiración como medio de la relaxación continua, coa inspiración profunda e relaxada, por exemplo.

É importante o entorno sociocultural, tendo en conta o acceso do alumnado a Internet, material propio ou á biblioteca e fonoteca do noso conservatorio, así como a banda á que pertenza de donde recibe gran cantidade de información e estímulo. Estimúlase continuamente ó alumnado para a participación en cualquier evento cultural, donde poñer en práctica a súa creatividade, así como a mostra da sensibilidade artística.

## 5. Atención á diversidade

---

Ao proporcionar unha atención individualizada na clase de trombón, preséntase a oportunidade de prever e adaptar a secuencia de actividades as diferencias aptitudinais ou sociolóxicas existentes, estando previstas as actividades de repaso que, dependendo da necesidade de utilización das mesmas, flexibilízase o horario adicado a cada actividade, alcanzando os diferentes obxectivos. Asemade trátase de manter o nivel óptimo de motivación do alumnado, independentemente da diversidade de intereses que a unidade poida causar. Tamén se deixa unha marxen de 10 minutos en cada sesión normal, para calquer imprevisto ou dúbida que apareza podendo empregarse na ampliación do traballo ordinario.

Cando se di nas Unidades Didácticas “unha obra”, débese sobrentender que pode tratarse dun só movemento da mesma ou varias obras do estilo, ou incluso, ao principio de cada aprendizaxe, frases ou motivos. Isto expícase como aforro de espazo na programación e por suposto, como atención á diversidade do alumnado, de quen o importante é que comprenda a maneira de interpretar ol estilo ou época que represente e poida aplicalo así a calquera partitura similar, chegando ao mínimo necesariamente ao final da aprendizaxe concreta. Nesta línea, o significativo de obra, pódesele aplicar incluso a algún estudio, como poden ser por exemplo, as vocalizacións de Rochut, que poden ser admitidas no acceso a un conservatorio superior en algún país europeo, como poida ser Holanda, por exemplo, xunto a outra obra representativa.

Está sempre presente o maior esforzo por parte do profesorado por motivar ao alumnado que tivera ou teña algún problema de aprendizaxe. Extrémáranse ademáis as medidas de coordinación entre o profesorado común.

### **Alumnado Extranxeiro**

As dúas dificultades apreciábeis no tratamento do alumnado extranxeiro, son o idioma e o posible choque cultural. No primeiro caso, non supón maior problema, dado o carácter procedimental e individual da ensinanza trombonística. No segundo, é cuestión de certa adaptación mutua fomentando o respecto polas tradicións propias da cultura e fomentando a integración no novo ámbito sociocultural.

### **Altas capacidades**

Defínese ao individuo con altas capacidades como aquel que posúe aptitudes excepcionais e é, por elo, capaz dun rendimento superior á media. O Real decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveles e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente, nas ensinanzas de rexime especial. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda pola súa idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as Administracións educativas poderían adoptar medidas de flexibilización sin tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específicas para dito alumnado.

### **Alumnado con necesidades educativas especiais**

Calquera discapacidade física que non impida tocar o trombón de maneira básica, non se terá en conta para a consecución das clases, salvo a invidencia, para a que se realizaría a conseguinte adaptación curricular baixo a tutela da inspección, xa que non se cumprirían tódolos obxectivos do currículo e sería necesaria a axuda da organización correspondente. Se non puidese o alumnado, utilizar o transpositor, adaptaríase a elección do repertorio para a súa posible execución. Se houbera problemas respiratorios que non impedisen tocar o trombón en absoluto, aínda sería máis que beneficioso o seu estudo. No caso de que se lle colocase ó alumnado unha ortodoncia que non puidese sacarse para a interpretación, buscaríase o repertorio máis adecuado para non lastimar a zona interior da embocadura e se adaptaría o ritmo das clases ao da resistencia sen dano, esperando ata que se prescindira do aparello. Outro tipo de discapacidade motora que non impidise a suxección e manexo do instrumento, non se terá en conta, xa que non inflúe. Comentando este último apartado, o conservatorio conta con montacargas e con acceso directo sen escaleiras tanto á entrada principal, como ao auditorio ou ás respectivas aulas.

## **6. Temas transversais**

---

## 6.1 Educación en valores

Manter a ilusión por superarse a diario.

Valorar adecuadamente la importancia musical dos recursos técnicos.

Tratar de ampliar os seus gustos musicais.

Manter unha actitude de respecto de cara os demais.

Manter una actitude de respecto de cara ás interpretacións do resto do alumnado e outros.

Coidar adecuadamente os recursos materiais utilizados e as instalacións.

Valorar e practicar as normas básicas de aseo e comportamento.

Acudir periódicamente os ensaios co profesorado acompañante.

Respectar as citas co profesorado acompañante, así como as súas indicacións.

## 6.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

En relación coas actividades propostas, recoméndase a visita na Internet das páxinas web de grandes intérpretes (Ch. Lindberg, Ch. Vernon, J. van Rigen, A. Trudel, J. Alessi, etc.), onde poderán ver ou escoitar fragmentos de interpretacións das obras propostas ou doutras de similares características. Tamén se recomendará a visita á biblioteca para a búsqueda de información sobre os estilos, épocas, historia, obras ou compositores tratados, fundamentalmente, a lectura en inglés do "The New Grove".

Todos estos traballos de investigación, trátanse nas unidades didácticas como contidos de ampliación, xa que non son fundamentais a este nivel, onde a explicación do profesor do instrumento na aula é suficiente e, ao darse a asignatura de historia da música nos dous cursos seguintes e, dependendo da coincidencia tamén no bacharelato pode retrasarse a súa aprendizaxe. Porén, si que é moi motivador este tipo de suxerencia de búsqueda de información e ademais, aumenta incrivelmente a súa perspectiva e autosuficiencia.

## 7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

---

O departamento fomentará a presenza do alumnado en concertos, cursos e master- class que xurdan no entorno do mesmo.

- O departamento participará na promoción das súas especialidades a través de concertos públicos e audicións, concertos didácticos e concertos de ahega ou presentación dos instrumentos.

## 8. Secuenciación do curso

---

## Curso: Primeiro de Grao Elemental

### 8.1 Obxectivos

-Adoptar unha postura corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entrámbalas mans.

-Controlalo aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, articulación e flexibilidade do son.

-Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

-Coñecer a importancia da respiración e do dominio do corpo para o desenvolvemento da técnica instrumental e da interpretación.

- Relacionar os coñecementos musicais coa escritura e literatura do instrumento coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.

- Interpretar en público.

- Adquirir a capacidade de escoitarse e ser auto-críticos.

### 8.2 Contidos

-Principios básicos da dicitación.

-Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis -motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.- para chegar a través diso a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva.

-Selección progresiva en canto ó grao de dificultade de exercicios, estudos e obras de repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.

-Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.

-Fortalecemento dos músculos faciais.

-Práctica das distintas articulacións.

-Estudo da boquilla.

-Adestramento progresivo da memoria.

-Lectura á vista de obras ou fragmentos sinxelos.

-Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.

### 8.3 Avaliación

#### 8.3.1 Criterios de avaliación

-Memorizar e interpretar Textos musicais.

-Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.-Este criterio pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesor e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.

-Interpretar en público como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.-Aquí trátase de comproba-la capacidade de memoria e autocontrol e o dominio da obra estudada. Así mesmo preténdese estimular-lo interese polo estudo e fomenta-las capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.

### **8.3.2 Mínimos esixibles**

-Interpretar en público como solista, 3 obras representativas do seu nivel. - Preténdese estimular-lo interese polo estudo e fomenta-las capacidades de equilibrio persoal que lle permitan solvencia con naturalidade ante a audiencia.

### **8.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación**

Para a realización da avaliación continua utilizarase un diario, reflectindo a nota global por sesión, respecto ós diferentes criterios de cualificación que se poidan avaliar en cada momento, segundo avaliación inicial, formativa ou final, con referencia ó punto de partida, traballo durante o desenvolvemento do curso ou ó final do mesmo, respectivamente. Valoraranse tamén, audicións de aula, audicións organizadas polo departamento, audicións organizadas polo centro, cursiños, intercambios, etc.

### **8.3.4 Criterios de cualificación**

A asistencia a clase e a actitude fronte á materia valoraranse ata un 20%:

-Asistencia a clase e actitude manifesta 10%

-Asistencia a ensaios con pianista e actitude nos ensaios 10%

Aspectos desde o punto de vista técnico valoraranse ata un 30%:

-Postura 10%

-Son 10%

-Memoria 10%

Aspectos desde o punto de vista musical valoraranse ata un 30%:

-Fraseo (articulación, dinámicas e tempo, xunto ca agónica) 10%

-Estilo 10%

-Entoación 10%



Aspectos interpretativos valoraranse ata un 20%:

-Protocolo como artista 10%

-Protocolo como audiencia 10%

### **8.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

O alumnado deberá ter superados os obxectivos marcados para o seu curso e demostrar a capacidade de poder acadar a consecución dos obxectivos do curso seguinte.

## **8.4 Medidas de recuperación**

Seguindo o proceso de avaliación continua, perseguirase a superación dos obxectivos o antes posible ó longo do curso, para poder pouco a pouco centrarnos nos do curso superior, superando a final de curso os mínimos exixibles.

### **8.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios**

Para recuperar a materia deberase demostrar mediante os materiais existentes na programación do curso o pleno dominio da materia. Os criterios para a consecución do aprobado son os propios do curso.

### **8.4.2 Probas extraordinarias de xuño**

Para esta proba, o alumnado cinguirase ao especificado na proposta de Actividades de Recuperación recollida no informe de avaliación negativa elaborado no mes de maio.

Para a superación da proba, teranse en conta os mínimos esixibles do curso correspondente e nas circunstancias correspondentes.

## **8.5 Recursos didácticos**

- “Aprende tocando el trombón”, de Peter Wastall. Editorial Mundimúsica.

-“ Leer, escuchar y tocar” vol.1

-“Fundamentals” de James Curnow

Outros de similares características

## Curso: Segundo de Grao Elemental

### 8.6 Obxectivos

-Adoptar unha postura corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entrámbalas mans.

-Controla-lo aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, articulación e flexibilidade do son.

-Coñece-las características e as posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual coma de conxunto.

-Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

-Coñecer a importancia da respiración e do dominio do corpo para o desenvolvemento da técnica instrumental e da interpretación.

-Relacionar os coñecementos musicais coa escritura e literatura do instrumento coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.

- Adquirir a capacidade de escoitarse e ser auto-críticos.

- Valorar o silencio como elemento indispensable para a concentración, audición interna e pensamento musical.

### 8.7 Contidos

-Principios básicos da dicitación.

-Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis -motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.- para chegar a través diso a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva.

-Selección progresiva en canto ó grao de dificultade de exercicios, estudos e obras de repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.

-Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.

-Fortalecemento dos músculos faciais.

-Práctica das distintas articulacións.

-Traballo da dinámica.

-Estudo da boquilla.

-Adestramento progresivo da memoria.

-Lectura á vista de obras ou fragmentos sinxelos.

-Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.

-Estudos de emisión do son.

-Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.

## 8.8 Avaliación

### 8.8.1 Criterios de avaliación

-Memorizar e interpretar Textos musicais.

-Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.-Este criterio pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesor e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.

-Interpretar en público como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.-Aquí trátase de comproba-la capacidade de memoria e autocontrol e o dominio da obra estudada. Así mesmo preténdese estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.

-Actuar como membro dun grupo e manifesta-la capacidade de tocar ó mesmo tempo que escoita e se adapta ó resto dos instrumentos.-Este criterio presta atención á capacidade do alumnado para adapta-la afinación, a precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros nun traballo común.

### 8.8.2 Mínimos esixibles

-Interpretar en público como solista, 3 obras representativas do seu nivel. - Preténdese estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan solvencia con naturalidade ante a audiencia.

### 8.8.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Para a realización da avaliación continua utilizarase un diario, reflectindo a nota global por sesión, respecto ós diferentes criterios de cualificación que se poidan avaliar en cada momento, segundo avaliación inicial, formativa ou final, con referencia ó punto de partida, traballo durante o desenvolvemento do curso ou ó final do mesmo, respectivamente. Valoraranse tamén, audicións de aula, audicións organizadas polo departamento, audicións organizadas polo centro, cursiños, intercambios, etc.

### 8.8.4 Criterios de cualificación

A asistencia a clase e a actitude fronte á materia valoraranse ata un 20%:

-Asistencia a clase e actitude manifesta 10%

-Asistencia a ensaios con pianista e actitude nos ensaios 10%

Aspectos desde o punto de vista técnico valoraranse ata un 30%:

-Postura 10%

-Son 10%

-Memoria 10%

Aspectos desde o punto de vista musical valoraranse ata un 30%:

-Fraseo (articulación, dinámicas e tempo, xunto ca agónica) 10%

-Estilo 10%

-Entoación 10%

Aspectos interpretativos valoraranse ata un 20%:

-Protocolo como artista 10%

-Protocolo como audiencia 10%

### **8.8.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

O alumnado deberá ter superados os obxectivos marcados para o seu curso e demostrar a capacidade de poder acadar a consecución dos obxectivos do curso seguinte.

## **8.9 Medidas de recuperación**

Seguindo o proceso de avaliación continua, perseguirase a superación dos obxectivos o antes posible ó longo do curso, para poder pouco a pouco centrarnos nos do curso superior, superando a final de curso os mínimos esixibles.

### **8.9.1 Procedementos de recuperación ordinarios**

Para recuperar a materia deberase demostrar mediante os materiais existentes na programación do curso o pleno dominio da materia. Os criterios para a consecución do aprobado son os propios do curso.

### **8.9.2 Probas extraordinarias de xuño**

Para esta proba, o alumnado cinguirase ao especificado na proposta de Actividades de Recuperación recollida no informe de avaliación negativa elaborado no mes de maio.

Para a superación da proba, teranse en conta os mínimos esixibles do curso correspondente e nas circunstancias correspondentes

## 8.10 Recursos didácticos

- “Aprende tocando el trombón”, de Peter Wastall. Editorial Mundimúsica.

- “Leer, escuchar y tocar” vol.1

-“Fundamentals” de James Curnow

Outros de similares características

## Curso: Terceiro de Grao Elemental

### 8.11 Obxectivos

-Adoptar unha postura corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entrámbalas mans.

-Controla-lo aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.

-Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para correxir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.

-Coñece-las características e as posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel.

-Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

-Coñecer a importancia da respiración e do dominio do corpo para o desenvolvemento da técnica instrumental e da interpretación.

-Relacionar os coñecementos musicais coa escritura e literatura do instrumento coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.

-Interpretar música en grupo adaptándose a escoitar as demais voces e a respectar as normas de interpretación grupal.

- Valorar o silencio como elemento indispensable para a concentración, audición interna e pensamento musical.

-Conseguir a formación dunha boa base técnica sobre a cal desenvolver despois toda a capacidade musical do alumnado, tendo en conta os seguintes puntos:

### 8.12 Contidos

-Principios básicos da dicitación.

-Trombón Tenor: Sonatas de diferentes compositores como pueden ser B. Marcello, A. Vivaldi, G. Telemann, G. F. Haendel, E. Galliard ou A. Corelli entre outros. Cabe destacar tamén o “Concerto en Fa m” de Haendel.

-Trombón baixo: “Sarabande” de la Suite Nº 5 en Dom (J. S. Bach), Sonatas de los diferentes compositores anteriormente nombrados, con el registro más favorecedor para la interpretación con este instrumento.

## **Suxerencia de Métodos e Estudos**

“Arban: Complete Method for Trombone & Euphonium” edited by Joseph Alessi and Dr. Brian Bowman.

“Max Schlossberg, Daily Drills and Technical Studies for Trombone” editado por C. K. Schlossberg.

“Melodious Estudes for Trombone” by Johannes Rochut.

“A “Singing” Approach to the Trombone” by Charles G. Vernon.

“Song and Wind” de Arnold Jacobs, editado por John Taylor.

“Método de Flexibilidad” de Branimir Slokar

“Método de Flexibilidad” de Miguel Badía

Outros de similares características

## **Curso: Quinto de Grao Profesional**

### **8.36 Obxectivos**

-Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento.

-Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dicitación, articulación, fraseo, etc.

-Interpretar un repertorio de 30 minutos de duración que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos.

-Practicar a música de conxunto, en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.

-Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

-Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

-Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

### **8.37 Contidos**

-Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión do instrumento.

- Estudo do rexistro agudo.
- Estudo dos ornamentos (trilo, grupetos, apoiaturas, mordentes, etc.).
- Estudo da literatura solista do instrumento adecuada a este nivel.
- Afondamento en todo o referente á articulación: estudo do dobre e triplo picado.
- Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión adecuándoos aos diferentes estilos, con especial atención ao seu estudo nos tempos lentos.
- Perfeccionamento da igualdade sonora e tímbrica nos diferentes rexistros.
- Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas grafías e efectos.
- Estudo dos instrumentos afíns (trombón alto e baixo).
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura á vista.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.
- Práctica de conxunto.

## 8.38 Avaliación

### 8.38.1 Criterios de avaliación

-Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exixencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.

-Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.

-Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.

-Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio. Con este criterio preténdese avaliar a autonomía do alumnado e a súa competencia para emprender o estudo individualizado e a resolución dos problemas que se lle susciten no estudo.

-Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. Este criterio avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado na lectura á primeira vista así como a súa desenvolvemento para abordar a improvisación no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.

-Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.

-Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valórase o dominio e a



comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro delas.

-Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.

-Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica.

-Presentar en público un programa cunha duración mínima de 25 minutos, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madureza da súa personalidade artística.

### **8.38.2 Mínimos esixibles**

-Interpretar en público como solista, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación, cunha duración mínima total de 30 minutos, interpretando unha de memoria. -Aquí trátase de comproba-la capacidade autocontrol e o dominio da obra estudada. Así mesmo preténdese estimular-lo interese polo estudo e fomenta-las capacidades de equilibrio persoal que lle permitan actuar anta a audiencia con naturalidade.

### **8.38.3 Procedementos e ferramentas de avaliación**

Para a realización da avaliación continua utilizarase un diario, reflectindo a nota global por sesión, respecto ós diferentes criterios de cualificación que se poidan avaliar en cada momento, segundo avaliación inicial, formativa ou final, con referencia ó punto de partida, traballo durante o desenvolvemento do curso ou ó final do mesmo, erspectivamente. Valoraranse tamén, audicións de aula, audicións organizadas polo departamento, audicións organizadas polo centro, cursiños, intercambios, etc.

### **8.38.4 Criterios de cualificación**

A asistencia a clase e a actitude fronte á materia valoraranse ata un 20%:

-Asistencia a clase e actitude manifesta 10%

-Asistencia a ensaios con pianista e actitude nos ensaios 10%

Aspectos desde o punto de vista técnico valoraranse ata un 30%:

-Postura 10%

-Son 10%

-Memoria 10%

Aspectos desde o punto de vista musical valoraranse ata un 30%:

-Fraseo (articulación, dinámicas e tempo, xunto ca agóxica) 10%

-Estilo 10%

-Entoación 10%

Aspectos interpretativos valoraranse ata un 20%:

-Protocolo como artista 10%

-Protocolo como audiencia 10%

### **8.38.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

O alumnado deberá ter superados os obxectivos marcados para o seu curso e demostrar a capacidade de poder acadar a consecución dos obxectivos do curso seguinte.

### **8.39 Medidas de recuperación**

Seguindo o proceso de avaliación continua, perseguirase a superación dos obxectivos o antes posible ó longo do curso, para poder pouco a pouco centrarnos nos do curso superior, superando a final de curso os mínimos esixibles.

#### **8.39.1 Procedementos de recuperación ordinarios**

Para recuperar a materia deberase demostrar mediante os materiais existentes na programación do curso o pleno dominio da materia. Os criterios para a consecución do aprobado son os propios do curso.

#### **8.39.2 Probas extraordinarias de xuño**

Para esta proba, o alumnado cinguirase ao especificado na proposta de Actividades de Recuperación recollida no informe de avaliación negativa elaborado no mes de maio.

Para a superación da proba, teranse en conta os mínimos esixibles do curso correspondente.

### **8.40 Recursos didácticos**

#### **Romanticismo, Postromanticismo ou Nacionalismo**

-Trombón Tenor: "Romance" (C. Maria von Weber), "Hosanna!" (Franz Liszt), "Oración Fúnebre" (Héctor Berlioz), "Concertino en Sib" (Ernst Sacase), "Concertino, Op.4" (Ferdinand David), "Salve María" (Salverio Mercadante), "Concerto" (Friedebald Gräfe), "Fantasía, Op.58" (August Belcke), "Concerto" (Nicolai Rimsky-Korsakov), "Morceau Symphonique Op.88" (Alexandre Guilmant), "Romance Op.2" (Victor Ewald), "Romance" (A.xel Jorgensen), "Fantasie" (Sigmund Stojowski), "Cavatine" (Camile Saint-Saens).

-Trombón Baixo: "Concertino en Fa" (Ernst Sachse), "Romance" (C. M. von Weber), "Hosanna!" (Franz Liszt), "Concertino, Op.4 en Sib" (Ferdinand David).

#### **Século XX**

-Trombón Tenor: “Sonate” (1941) (Paul Hindemith), “Sonata” (Gordon Jacob), “Capriccio de Camera Op.35” (Bernard Krol), “Sonatina” (Kazimierz Serocki), “Elegy For Mippy II” (Leonard Bernstein), “Sonata” (Salvador Brotóns).

-Trombón Baixo: “Cameos” (Gordon Jacob), “Concerto in One Movement” (Alexander Lebedjev), “New Orleans” (Eugene Bozza).

### **Belle Époque**

-Para Trombón Tenor: del virtuoso de trombón Serafin Alschausky “Walze Arie No 2” o el “Concerto No 1” en SibM; del virtuoso de trombón Arthur Pryor “Thoughts of Love” entre otras posibles obras.

### **Barroco**

-Canzon “La Hyeronima”, de G. M. Cesare.

-Trombón Tenor: Sonatas de diferentes compositores como pueden ser B. Marcello, A. Vivaldi, G. Telemann, G. F. Haendel, E. Galliard ou A. Corelli entre outros. Cabe destacar tamén o “Concerto en Fa m” de Haendel.

-Trombón baixo: “Sarabande” de la Suite N° 5 en Dom (J. S. Bach), Sonatas de los diferentes compositores anteriormente nombrados, con el registro más favorecedor para la interpretación con este instrumento.

### **Suxerencia de Métodos e Estudos**

“Arban: Complete Method for Trombone & Euphonium” edited by Joseph Alessi and Dr. Brian Bowman.

“Max Schlossberg, Daily Drills and Technical Studies for Trombone” editado por C. K. Schlossberg.

“Melodious Estudes for Trombone” by Johannes Rochut.

“A “Singing” Approach to the Trombone” by Charles G. Vernon.

“Song and Wind” de Arnold Jacobs, editado por John Taylor.

“Método de Flexibilidad” de Branimir Slokar

“Método de Flexibilidad” de Miguel Badía

Outros de similares características

## **Curso: Sexto de Grao Profesional**

### **8.41 Obxectivos**

-Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento.

-Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dicitación, articulación, fraseo, etc.

-Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos, de dificultade adecuada a este nivel.

-Practicar a música de conxunto, en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.

-Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

-Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

-Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

## 8.42 Contidos

-Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión do instrumento.

-Estudo do rexistro agudo.

-Estudo dos ornamentos (trilo, grupetos, apoiaturas, mordentes, etc.).

-Estudo da literatura solista do instrumento adecuada a este nivel.

-Afondamento en todo o referente á articulación: estudo do dobre e triplo picado.

-Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión adecuándoos aos diferentes estilos, con especial atención ao seu estudo nos tempos lentos.

-Perfeccionamento da igualdade sonora e tímbrica nos diferentes rexistros.

-Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas grafías e efectos.

-Estudo dos instrumentos afíns (trombón alto e baixo).

-Adestramento permanente e progresivo da memoria.

-Práctica da lectura á vista.

-Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

-Práctica de conxunto.

## 8.43 Avaliación

### 8.43.1 Criterios de avaliación

-Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exixencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.

-Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.

-Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.

-Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio. Con este criterio preténdese avaliar a autonomía do alumnado e a

súa competencia para emprender o estudo individualizado e a resolución dos problemas que se lle susciten no estudo.

-Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. Este criterio avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado na lectura á primeira vista así como a súa desenvolvemento para abordar a improvisación no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.

-Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.

-Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro delas.

-Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.

-Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica.

-Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel de 45 minutos de duración demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madureza da súa personalidade artística.

### **8.43.2 Mínimos esixibles**

-Interpretar en público como solista, obras representativas do seu nivel de diferentes estilos, con seguridade e control da situación, cunha duración mínima total de 30 minutos, interpretando unha de memoria. -Aquí trátase de comprobar a capacidade autocontrol e o dominio da obra estudada. Así mesmo preténdese estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan actuar anta a audiencia con naturalidade.

### **8.43.3 Procedementos e ferramentas de avaliación**

Para a realización da avaliación continua utilizarase un diario, reflectindo a nota global por sesión, respecto ós diferentes criterios de cualificación que se poidan avaliar en cada momento, segundo avaliación inicial, formativa ou final, con referencia ó punto de partida, traballo durante o desenvolvemento do curso ou ó final do mesmo, respectivamente. Valoraranse tamén, audicións de aula, audicións organizadas polo departamento, audicións organizadas polo centro, cursiños, intercambios, etc.

#### **8.43.4 Criterios de cualificación**

A asistencia a clase e a actitude fronte á materia valoraranse ata un 20%:

-Asistencia a clase e actitude manifesta 10%

-Asistencia a ensaios con pianista e actitude nos ensaios 10%

Aspectos desde o punto de vista técnico valoraranse ata un 30%:

-Postura 10%

-Son 10%

-Memoria 10%

Aspectos desde o punto de vista musical valoraranse ata un 30%:

-Fraseo (articulación, dinámicas e tempo, xunto ca agónica) 10%

-Estilo 10%

-Entoación 10%

Aspectos interpretativos valoraranse ata un 20%:

-Protocolo como artista 10%

-Protocolo como audiencia 10%

#### **8.43.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Non se contemplan.

### **8.44 Medidas de recuperación**

Seguindo o proceso de avaliación continua, perseguirase a superación dos obxectivos o antes posible ó longo do curso, para poder pouco a pouco centrarnos nos do curso superior, superando a final de curso os mínimos esixibles.

#### **8.44.1 Procedementos de recuperación ordinarios**

Para recuperar a materia deberase demostrar mediante os materiais existentes na programación do curso o pleno dominio da materia. Os criterios para a consecución do aprobado son os propios do curso.

#### **8.44.2 Probas extraordinarias de xuño**

Para esta proba, o alumnado cinguirase ao especificado na proposta de Actividades de Recuperación recollida no informe de avaliación negativa elaborado no mes de maio.

Para a superación da proba, teranse en conta os mínimos esixibles do curso correspondente.

## 8.45 Recursos didácticos

### **Romanticismo, Postromanticismo ou Nacionalismo**

-Trombón Tenor: "Romance" (C. Maria von Weber), "Hosanna!" (Franz Liszt), "Oración Fúnebre" (Héctor Berlioz), "Concertino en Sib" (Ernst Sacase), "Concertino, Op.4" (Ferdinand David), "Salve María" (Salverio Mercadante), "Concerto" (Friedebald Gräfe), "Fantasía, Op.58" (August Belcke), "Concerto" (Nicolai Rimsky-Korsakov), "Morceau Symphonique Op.88" (Alexandre Guilmant), "Romance Op.2" (Victor Ewald), "Romance" (A.xel Jorgensen), "Fantasie" (Sigmund Stojowski), "Cavatine" (Camile Saint-Saens).

-Trombón Baixo: "Concertino en Fa" (Ernst Sachse), "Romance" (C. M. von Weber), "Hosanna!" (Franz Liszt), "Concertino, Op.4 en Sib" (Ferdinand David).

### **Século XX**

-Trombón Tenor: "Sonate" (1941) (Paul Hindemith), "Sonata" (Gordon Jacob), "Capriccio de Camera Op.35" (Bernard Krol), "Sonatina" (Kazimierz Serocki), "Elegy For Mippy II" (Leonard Bernstein), "Sonata" (Salvador Brotóns).

-Trombón Baixo: "Cameos" (Gordon Jacob), "Concerto in One Movement" (Alexander Lebedjev), "New Orleans" (Eugene Bozza).

### **Belle Époque**

-Para Trombón Tenor: del virtuoso de trombón Serafin Alschausky "Walze Arie No 2" o el "Concerto No 1" en SibM; del virtuoso de trombón Arthur Pryor "Thoughts of Love" entre otras posibles obras.

### **Barroco**

-Canzon "La Hyeronima", de G. M. Cesare.

-Trombón Tenor: Sonatas de diferentes compositores como pueden ser B. Marcello, A. Vivaldi, G. Telemann, G. F. Haendel, E. Galliard ou A. Corelli entre outros. Cabe destacar tamén o "Concerto en Fa m" de Haendel.

-Trombón baixo: "Sarabande" de la Suite N° 5 en Dom (J. S. Bach), Sonatas de los diferentes compositores anteriormente nombrados, con el registro más favorecedor para la interpretación con este instrumento.

### **Suxerencia de Métodos e Estudos**

"Arban: Complete Method for Trombone & Euphonium" edited by Joseph Alessi and Dr. Brian Bowman.

"Max Schlossberg, Daily Drills and Technical Studies for Trombone" editado por C. K. Schlossberg.

"Melodious Estudes for Trombone" by Johannes Rochut.

"A "Singing" Approach to the Trombone" by Charles G. Vernon.

"Song and Wind" de Arnold Jacobs, editado por John Taylor.

"Método de Flexibilidad" de Branimir Slokar

"Método de Flexibilidad" de Miguel Badía

Outros de similares características

## 9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

---

-Ademáis dos criterios xerais establecidos para o grao profesional, será necesario para promocionar ao curso seguinte acadar satisfactoriamente os obxectivos mínimos esixibles para cada avaliación. Dado o carácter da avaliación continua, só se promocionará ao curso seguinte na materia se ao final do curso se acadaron todos os obxectivos antes mencionados.

-A primeira e segunda avaliación terán unicamente un valor informativo sobre o desenvolvemento da aprendizaxe e as actividades realizadas polo alumno ou alumna. A 3ª avaliación terá carácter de sesión de avaliación final.

-Para aqueles alumnos que superen o número de faltas de asistencia establecido no centro educativo establecerase un exame diante do profesor no que se demostrará a superación dos mínimos esixibles para o periodo sen asistencia.

-Para a proba extraordinaria de xuño, o profesor esixirá o alumno a realización dos requisitos mínimos esixibles.

-A avaliación quedará reflexada nas actas correspondes e na ficha de seguimento diario da evolución do alumno, na que aparecerán reflectidos os seguintes aspectos:

-O traballo persoal diario: estudo do repertorio.

-Traballo en grupo: ensaios, audicións, concertos, etc...

-Actitudes cara a materia: curiosidade, creatividade, constancia, reflexión sobre as súas actuacións, etc...

-Probas prácticas: interpretación do repertorio.

-O departamento procederá a valoración da Programación Didáctica despois de cada avaliación tendo en conta as notas e a análise detallada de tódolos obxetivos e contidos incluídos.

-Levarase a cabo un seguimento da Programación Didáctica mensual sobre o cumprimento dentro de cada especialidade.

-Ó final de cada curso revisarase a consecución de obxetivos baseándose no traballo por parte do alumnado dos diferentes puntos.

-O departamento coordinará co resto de departamentos da Comisión de Coordinación Pedagóxica o desenrolo das Programacións Didácticas no conxunto das ensinanzas.

## 10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

---

-Actividades conxuntas e individuais.

-Audicións.

-Necesiades instrumentais e materiais.

-Saídas culturais e actividades extraescolares de diferente índole.

-Cursiños.

-Traballo levado a cabo co profesorado acompañante e grao de consecución de obxetivos.



## ANEXOS

- Probas de acceso 1º de grao profesional

- Contidos.

A proba consiste na interpretación de 3 obras do nivel. Unha de memoria polo menos. Se algunha require acompañamento, o alumnado farase cargo do mesmo.

- Principios básicos da dixitación.

- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis -motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.- para chegar a través diso a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva.

- Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.

- Fortalecemento dos músculos faciais.

- Práctica das distintas articulacións.

- Traballo da dinámica.

- Desenvolvemento da flexibilidade dos labios, coa práctica de intervalos ligados e con posicións fixas.

- Estudo da boquilla.

- Adestramento progresivo da memoria.

- Lectura á vista de obras ou fragmentos sinxelos.

- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.

Proposta de repertorio:

- “Aprende tocando el trombón”, de Peter Wastall. Editorial Mundimúsica.

- “Leer, escuchar y tocar” vol.2

- “Cantilena” de Händel

- “Trombonaria”

- “Polka”

- “Melodious Estudios for Trombone” de Johannes Rochut

- Algunha sonata de Ernest Galliard

Outro de similares características

- Criterios de cualificación.

- Os aspectos desde o punto de vista técnico valoraranse ata un 50%.

- Os aspectos desde o punto de vista musical valoraranse ata un 50%.

- Probas de acceso a outros cursos.

- Contidos.

- Teranse en conta os contidos do curso inmediatamente inferior.

- Criterios de cualificación.

- Os aspectos desde o punto de vista técnico valoraranse ata un 50%.

- Os aspectos desde o punto de vista musical valoraranse ata un 50%.

- Criterios para a obtención dos premios fin de grao.

O alumnado do Departamento de vento metal que opte ao premio de Fin de grao profesional, deberá interpretar un repertorio dunha duración entre 20 minutos (como mínimo) e 30 minutos (como máximo), composto por 2 ou 3 obras de libre elección coa dificultade propia do nivel.

## **11. Adaptación extraordinaria da programación á nova situación por COVID19**

---

Segundo o Real Decreto 463/2020 que xerou un estado de alarma sanitario a nivel estatal, as clases tiveron que suspenderse de xeito presencial o 16 de marzo de 2020. Esta situación derivou nunha educación a distancia segundo ordes do Ministerio de Educación.

Segundo establecía o comunicado do 13 de abril de 2020 da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia, dirixido ás direccións dos centro educativos de ensinanza non universitaria sobre as medidas a adoptar en relación co inicio do terceiro trimestre, instábase a que a actividade lectiva non presencial continuara, con carácter xeral, mediante repaso, reforzo e recuperación do traballo desenvolvido, centrándose na adquisición das competencias clave. Desta forma, os centros educativos avaliarían as medidas a adoptar cara á atención do alumnado con maiores dificultades de acceso á educación no actual contexto .

Atendendo a este requisito, cada centro dispuxo das medidas precisas para facilitar a continuidade do proceso da aprendizaxe do alumnado fóra do ámbito escolar. Así, dentro da súa autonomía pedagóxica e de xestión, estableceu un sistema de comunicación e información co alumnado e as familias a través das ferramentas ou plataformas utilizadas habitualmente, atendendo sempre ás instrucións do centro para axeitarse da mellor forma posible á situación vivida.

### **Avaliación inicial**

---

O profesorado procederá a establecer unha avaliación inicial ao longo dos primeiros días do curso onde comprobará o desenvolvemento dos contidos do curso anterior. Este tipo de avaliación permitirá coñecer e valorar a situación de partida do alumnado, para así comezar cunha intervención axustada ás necesidades e posibilidades de cada estudante. Ademáis, permitirá valorar o

progreso realizado polo alumnado, considerando que para apreciar o avance, é necesario ter en conta o nivel de partida. Esta avaliación contribuirá a dotar ao docente dunha perspectiva real sobre as metodoloxías necesarias a aplicar, para que do xeito máis eficaz posible, os estudantes aborden os contidos máis esenciais non traballados no último trimestre do pasado curso. Así o profesorado do departamento, poderá realizar unha proba valorativa onde detectará as aprendizaxes non adquiridas empregando e comprobando os informes persoais de cada alumno xerados na fin do curso pasado, que será determinante para que a avaliación inicial manteña a máxima rigurosidade e obxectividade posible.

Esta avaliación será realizada de forma individual a cada un dos integrantes do alumnado e cos resultados obtidos procederase a establecer as mellores pautas de traballo para a consecución dos contidos non realizados no curso anterior así coma os do curso actual. Para unha comprensión das necesidades do alumnado, na avaliación inicial terase en conta o estado emocional do alumnado considerando os acontecementos sociais e sanitarios tan complexos vividos. Por outra banda, os docentes deberán detectar si o alumnado conta cos dispositivos pertinentes para unha potencial educación telemática.

A adecuación dos obxectivos e contidos poderá variar dependendo do tipo de actividade que se poida realizar no presente curso; presencial ou non presencial. Estas medidas quedarán reflectidas no libro de aula de cada profesor. Adecuaranse ás características que poidan darse ó longo do presente curso e á situación particular de cada alumno en base a súa situación emocional e recursos durante un posible confinamento.

### **Aprendizaxes non adquiridas durante o pasado curso**

---

Atendendo á situación vivida durante o curso académico anterior, o departamento impulsará esta adaptación ca finalidade de mostrar os contidos non abranguidos e que deberán ser traballados ao traveso de diferentes estratexias metodolóxicas neste curso. Os docentes procederán a unha secuenciación da forma máis eficiente e idónea posible para contribuir a unha axeitada transición entre os contidos non dados e os propios deste curso académico. Unha sintetización dos contidos esenciais serán establecidos para

que a secuenciación sexa realista e axustada, e para que o alumnado poida abordar todos os contidos propostos. A aula virtual podería ter un protagonismo crucial neste propósito.

A perda de aprendizaxes prácticas e presenciais é a característica esencial do confinamento. Os ensaios con pianista, a aprendizaxe transversal cas distintas agrupacións, o traballo do son en vivo, xunto cas articulacións, agónica, volúmenes sonoros, a interpretación ca audiencia presente... Ademais, están as características particulares de cada persoa, como a posibilidade de practicar en casa ou a qué volumen o poida facer, así como o sentimento de interpretar ben e para un auditoio á primeira, como verdadeira arte escénica, cousa que incluso no curso presencial, hoxe en día é relativamente difícil de realizar.

É importante gañar unha rutina de traballo técnico diario e autónomo, por se a ensinanza presencial se perdese unha vez máis, conseguindo un desenrolo técnico máis global e automático, que antes se alcanzaba ó longo do curso ca axuda presencial do profesorado.

O importante con respecto ó repertorio de obras e estudos, é seguir aumentando a diversidade de épocas e estilos, así coma o progresivo incremento da dificultade técnica; sempre ca música, como medio para desenvolve-la.

### **Semipresencialidade e non presencialidade no centro**

Debido a incertidume que está a xerar a COVID no ámbito social e educativo contemplárase o uso dunha situación de non presencialidade segundo o contexto sanitario. A semipresencialidade non se contempla na aula de instrumento agás para o desenvolvemento da análise teórica das partituras ou de interpretacións por grandes artistas, que sería sempre complementaria á presencial. Para a educación non presencial, promoveranse o uso de metodoloxías e recursos propios da formación telemática. Utilizaranse as aulas virtuais do centro para o envío de materiais que reforcen as aprendizaxes dos contidos sempre que os medios o permitan para intentar que o alumnado non presencial temporal, ou para o resto do curso, poida seguir o ritmo de aprendizaxe.

Contémplase a utilización da videoconferencia sempre e cando as infraestructuras do conservatorio o permitan, complementándoa coa utilización de recursos dixitais dentro da aula virtual. Procurarase realizalas dentro do horario establecido do profesorado, prevalecendo o maior beneficio para o alumnado en cada caso.

A comunicación coas familias terá unha importancia fundamental cara a detectar posibles problemáticas do alumnado no proceso de aprendizaxe. Utilizaranse as modalidades presenciais ou non presenciais de titorías, e utilizarase tanto a plataforma Centrosnet coma os correos electrónicos integrados na Google Suite do centro, así coma calquera medio que sexa necesario para obter o maior partido do proceso da ensinanza aprendizaxe.

## **Avaliación en caso de non presencialidade**

### **Criteiros de avaliación**

-Memorizar e interpretar Textos musicais.

-Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.-Este criterio pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesor e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.

-Interpretar telemáticamente como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.-Aquí trátase de comproba-la capacidade de memoria e autocontrol e o dominio da obra estudada. Así mesmo preténdese estimular o interese polo estudo e fomenta-las capacidades de equilibrio persoal que lle permitan afrontarse con naturalidade ante un hipotético público.

### **Mínimos Esixibles**

-Interpretar telemáticamente como solista, tres obras representativas do seu nivel. -Preténdese estimular o interese polo estudo e fomenta-las capacidades de equilibrio persoal que lle permitan solvencia con naturalidade ante unha posible audiencia.

---

## **Procedementos e ferramentas de avaliación**

Para a realización da avaliación continua utilizarase un diario, reflectindo a nota global por sesión, respecto ós diferentes criterios de cualificación que se poidan avaliar en cada momento, segundo avaliación inicial, formativa ou final, con referencia ó punto de partida, traballo durante o desenvolvemento do curso ou ó final do mesmo, respectivamente.

### **Criterios de cualificación**

-A asistencia a clase e actitude manifesta fronte á materia valoraranse ata un 10%.

Desde o punto de vista técnico:

-Postura 15%

-Son 15% (atendendo ás características dos medios que se empreguen e sexan posibles).

-Memoria 15%

Aspectos musicais:

-Fraseo (articulación, dinámicas se é posible atendela e tempo, xunto ca agóxi-  
ca) 15%

-Estilo 15%

-Entoación 15%